

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO EXPERIMENTAL DE ILUMINACIÓN NO MONTE DE SANTA CRUZ.

### REUNIDOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

E doutra parte, D. Daniel Vega Pérez, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Ribadeo, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da lei 3/1999).

**Segundo.-** Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como os artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias en materia de iluminación pública.

**Terceiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Xunta de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

**Cuarto.-** Que o Concello de Ribadeo manifesta o seu interés de mellorar a iluminación pública no enclave do Monte de Santa Cruz posto que resulta imprescindible para mellorar a seguridade, accesibilidade e posta en valor deste enclave de grande relevancia patrimonial, cultural e turística para o Concello de Ribadeo.

Na parroquia de Ove, no municipio de Ribadeo, atópase o Monte de Santa Cruz, situado a uns tres quilómetros do núcleo urbano. Desde o seu famoso miradoiro pódese contemplar unha panorámica incomparable da Ría de Ribadeo, a costa asturiana, a praia de Penarronda e a desembocadura do río Eo.

Na parte máis alta do monte érguese a capela de Santa Cruz, acompañada dunha antiga cruz de pedra que dá nome ao lugar. Ao seu carón, atópase unha área recreativa equipada con mesas, bancos, barbacoas e auga corrente, o que a converte nun espazo ideal e concurrido para gozar dunha xornada ao aire libre, en familia ou con amigos.

Cada ano, a primeira fin de semana do mes de agosto, en plena época turística, celébrase neste emblemático lugar a popular "Xira de Santa Cruz", tamén coñecida como "Día da Gaita e Romaría a Santa Cruz". Esta celebración, de fonda tradición, iniciou a súa andaina no ano 1965, organizada pola Asociación Amigos da Gaita Galega, entidade que no 2024 foi distinguida co Premio Alecrín.

A asociación, fundada o 17 de xullo de 1962 polos irmáns Suárez Couto e o gaiteiro Primitivo Díaz, naceu co propósito de honrar e preservar a música e a tradición da gaita galega.

Ademais, un dos seus primeiros obxectivos foi erguer no Monte de Santa Cruz un monumento en homenaxe ao gaiteiro galego, obra do escultor ourensán Faílde, inaugurado en agosto de 1965.

A escultura, tallada en granito, representa a un gaiteiro en plena interpretación e sostense sobre unha peaña coa inscrición: "Ao Gaiteiro Galego". A Xira de Santa Cruz, declarada de Interese Turístico de Galicia no ano 1980, comeza coa lectura do pregón na véspera do primeiro domingo de agosto. A xornada do domingo está marcada por pasarrúas,



actuacións de música tradicional e a subida a pé desde o centro de Ribadeo, culminando cun xantar campestre na área recreativa e cunha ofrenda floral ao Monumento ao Gaiteiro.

Destaca este evento polo seu ambiente familiar, festivo e auténtico, atraendo tanto a veciños como a visitantes que desexan vivir unha experiencia de Galicia na súa esencia máis pura, nun espazo de gran beleza natural e tranquilidade.

Por estes motivos de interese social, así como turístico, o Concello de Ribadeo manifesta o seu compromiso de continuar mellorando e poñendo en valor este enclave singular mediante actuacións de conservación e mellora do entorno.

Trátase dun espazo moi frecuentado durante todo o ano, especialmente en época estival e con motivo da celebración da "Xira de Santa Cruz", evento declarado de Interese Turístico de Galicia, que congrega a numerosos visitantes tanto de Ribadeo como doutras localidades galegas e asturianas. A iluminación deficiente limita o uso seguro da área recreativa, dos accesos e do entorno da capela e do monumento ao Gaiteiro Galego, especialmente ao anoitecer, cando se reduce a visibilidade e aumentan os riscos de caídas ou accidentes.

Neste sentido, as actuacións previstas neste ámbito teñen un claro interese público, social e económico, ao contribuír á mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública mediante a substitución das luminarias actuais por sistemas de tecnoloxía LED de baixo consumo. Esta intervención permitirá reducir o gasto enerxético municipal, diminuír as emisións de CO<sub>2</sub> e avanzar cara a un modelo máis sostible de xestión do alumado público, en coherencia cos obxectivos de aforro e transición enerxética promovidos pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea.

Ademais, unha iluminación axeitada permitiría realzar o valor paisaxístico e monumental do lugar, destacando elementos singulares como a capela, a cruz de pedra e o propio monumento, favorecendo a súa apreciación tamén en horario nocturno. Deste modo, a iluminación do Monte de Santa Cruz non só reforzaría a seguridade e o confort dos visitantes, senón que tamén consolidaría o seu papel como espazo de referencia turística e cultural dentro da comarca.

Neste contexto, o proxecto previsto configúrase como un proxecto experimental en materia de eficiencia enerxética, iluminación pública sostible e integración paisaxística, orientado a avaliar solucións tecnolóxicas avanzadas nun contorno de especial sensibilidade ambiental e patrimonial. O Monte de Santa Cruz constitúe un espazo de uso público intensivo, con circulación peonil elevada especialmente en períodos estivais e en eventos de relevancia, como a Xira de Santa Cruz, polo que a mellor iluminación resulta estratéxica para incrementar a seguridade, accesibilidade e valoración do lugar. O conxunto de singularidades técnicas que se producen neste enclave, e que non se reproducen noutros ámbitos, converten o Monte de Santa Cruz nun laboratorio natural idóneo para testar solucións de iluminación eficiente, telexestión e aforro enerxético que, unha vez avaliadas, poidan ser replicadas noutros espazos públicos da Comunidade Autónoma, especialmente

naqueles de características semellantes, como contornos costeiros, áreas recreativas, miradoiros e espazos naturais de alta sensibilidade patrimonial.

**Quinto.-** Que o presente convenio implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da ei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que o Concello de Ribadeo é a única entidade que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Deste xeito concorren así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a entidade beneficiaria a única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada.

Por todo isto, dada a converxencia de ámbitos de actuación, o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins comúns, e para unha maior eficacia na execución das actuacións, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas de colaboración entre o INEGA e o Concello de Ribadeo para a realización dun proxecto experimental de mellora da iluminación pública mediante actuacións de eficiencia enerxética no enclave do Monte de Santa Cruz, conforme ás actuacións recollidas no Anexo I.

### Segunda.- Alcance das actuacións

1. Iluminación da cruz: Instalarase un led perimetral ao redor da cruz a 24Vcc cor 3000K IP65 o cal se suxeitará cun perfil deseñado polo fabricante do led, colocaráselle un interruptor horario astro para o seu aceso, e o apagado efectuarase conforme á programación establecida pola administración responsable. Tamén se instalará un foco de luz puntual de 2w para a iluminación da Virxe o cal se acenderá co led da cruz e apagarase ao amencer.

2. Iluminación do Gaitero: Farase unha instalación con 3 proxectores led de 15w IP65 encaixados no solo os cales acenderán coa iluminación existente da área recreativa. A condución eléctrica realizarase polo solo a través dunha gabiá desde a columna de iluminación máis próxima.

3. Substitución de luminarias existentes na área recreativa: Substituiranse as luminarias existentes con lámpadas de descarga de 125w por unhas luminarias de Led de 3m de altura de 35w, instalaránselles unha caixa de conexión con fusibles a cada luminaria, se se necesitase facer cimentacións novas correrán a cargo do Concello.

### **Terceira.- Contía da axuda e gastos subvencionables**

Para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, o Inega achegará a cantidade de trinta mil cento noventa e tres euros con noventa e seis céntimos (30.193,96 €) IVE engadido, equivalente ao 100,0% do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.760.4 (proxecto 2016 00010) do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **Cuarta.- Xustificación**

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
  - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
  - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
  - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
  - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
  - e) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos del sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo o entrega do ben, salvo

que polas especiais características dos bens subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma agás que autorize a súa consulta, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

II. A contribución do Inega minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula primeira, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente do Inega, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado

por esta coa xustificación do convenio. O Inega resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o día seguinte a sinatura do mesmo.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2025.

#### **Quinta.- Pagamentos e anticipos a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao abeiro do disposto no artigo 63.1. Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, o Concello de Ribadeo, deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Os pagos anticipados e a conta deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

Non obstante, segundo o disposto no artigo 65.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello de Ribadeo queda exonerado da constitución de garantía nos pagamentos anticipados e a conta, cando a súa contía acumulada non supere os 18.000€.

#### **Sexta.- Obrigacións do Concello de Ribadeo**

1. De conformidade co establecido nos artigos 11 e 14 k) e j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas do Concello de Ribadeo as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a sinatura do presente convenio.

- b) Xustificar ao Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da axuda. O Inega valorará o grao de cumprimento das actuacións e poderá de ser o caso modificar a contía de pagamento.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Inega, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Inega a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do presente convenio, así como a modificación das circunstancias que tivesen fundamentado a súa sinatura. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Previo á formalización do convenio e, no seu caso, aos posteriores pagamentos, consultarase automaticamente que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, salvo manifestación expresa de oposición á dita consulta. No caso de que exista oposición, o Concello de Ribadeo deberá achegar as certificacións acreditativas correspondentes.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no presente convenio.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- j) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- k) Facer constar expresamente a colaboración prestada polo Inega na información e publicidade das actuacións obxecto do convenio, empregando o logotipo identificativo correspondente acompañado do da Xunta de Galicia. A difusión e a publicidade deberán axustarse ao manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia vixente en cada momento.

Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Inega e da Xunta de Galicia colocando un cartel con información sobre o proxecto (de un



tamaño mínimo A3) no que se mencionará a axuda financeira do Inega, nun lugar ben visible para o público .

2. O Concello de Ribadeo declara que non se atopa en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Sétima.- Modificación**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Oitava.- Reintegro da subvención**

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma lei.

### **Novena.- Subcontratación**

Permítese a subcontratación dos traballos recollidos no presente convenio nos termos do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **Décima.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Para os efectos de seguimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo representante do Concello de Ribadeo e polo director do Inega, respectivamente, que terá como misión velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.

### **Décimo segunda.- Información básica sobre proteccións de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Industria coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas,

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

### **Décimo terceira.- Relación contractual**

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

#### **Décimo cuarta.- Publicidade**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, o Inega publicará o texto íntegro do convenio, para tales fins, as partes asinantes deste convenio consente expresamente o tratamento dos datos do mesmo, incluídos os datos de carácter persoal e o resto de especificacións contidas nel, así como a inclusión e publicidade dos ditos datos nos rexistros públicos que proceda.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo quinta.- Extinción do convenio e causas de resolución**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

### **Décimo sexta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos**

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, polo Inega, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio, no lugar e data indicado ao comezo.

**Polo Inega**

**Polo Concello de Ribadeo**

**Pablo Fernández Vila**

**Daniel Vega Pérez**

**Por Resolución de competencias da  
Presidencia da Axencia  
(DOG 27/03/2017)**



**ANEXO I**

Referencia	Denominación	Tipo	Uds	Precio	%Dto	Importe EUR
<b>Capítulo</b>	<b>Partida 1</b>					
<b>1. 1.</b>	<b>Iluminaci-n Cruz y Santa</b>		1,00			<b>3.464,06</b>
RAEE	Canon por raee	Unida	1,00	0,30		0,30
TEC000000009	Manipulado Silicone tapas slim	Unida	2,00	6,69		13,38
TEC02281056	Cable silicona funda blanca 2x0.50mm <sup>2</sup> / metro lineal	Unida	1,00	3,95		3,95
TEC09250740	Transformador HLG 240W H-48VDC on/off	Unida	1,00	101,69		101,69
TEC12113002	Silicone Neon Strip NMT1312_WW-3000K -48VDC-8.5W-CRI>90-IP67. SALIDA DE CABLE RECTA *1 Tiras de 21.30m+1m de cable*1x(HLG 240W-48V) Clip de superficie para NMT1212. Acabado aluminio	UNIDA	21,00	48,08		1.009,61
TEC12201002	Secret / 3w / 3000k / ip54 / black / 38 lm / 235mm - 262mm	Unida	85,00	0,97		82,38
MLJ199172	Secret / 3w / 3000k / ip54 / black / 38 lm / 235mm - 262mm	UNIDA	1,00	52,16		52,16
GEWGW68001N	Cuadro cuadro q-din 5 modulos - 3 bases alojables iec 309 16a ip44/67 - ip65	UNIDA	1,00	52,12		52,12
ABB2CSR245180R10	Interruptor com.ds200i 1p+n c 6a a 6ka 30ma (residencial/terciario)	PIEZA	1,00	75,66		75,66
ORBOB178012	Interruptor horario astro 2 circuitos conmutados 16 (10)	UNIDA	1,00	238,46		238,46
TOR	Tornillos,terminales, peque-o material y varios		1,00	125,00		125,00
H010	Horas de mano de obra oficial de 1-	Hora	16,00	42,00		672,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2-	Hora	16,00	40,00		640,00
H013	Horas de camioneta con cesta telescopica 20 m		8,00	49,67		397,33
<b>1. 2.</b>	<b>Iluminaci-n Gaitero</b>		1,00			<b>3.437,14</b>
DSN53078573	1883 minifloor 15w cld cell inox led ambar	UNIDA	3,00	403,00		1.209,00
DSN99383700	Conector para linea continua 399 negro	UNIDA	3,00	29,00		87,00
DSN99383800	Conector para empotrar en suelo 369 negro	UNIDA	2,00	16,90		33,80
TOR	Tornillos,terminales, peque-o material y varios		1,00	48,30		48,30
PIRRVK2X4	Cable rv-k 0.6/1kv 2x4mm <sup>2</sup> cu flexible	METRO	35,00	2,60		91,00
H010	Horas de mano de obra oficial de 1-	Hora	24,00	42,00		1.008,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2-	Hora	24,00	40,00		960,00
Referencia	Denominación	Tipo	Uds	Precio	%Dto	Importe EUR
<b>1. 3.</b>	<b>Cambio de balizas en area recreativa con desmontaje de las luminarias existentes.</b>		1,00			<b>18.052,49</b>
MAY84110	Columna window 120x120 - 3,00 m, 38 w,led	UNIDA	15,00	935,71		14.035,71
CLAAC41057	1469 m cofred ip13 e:4x25 s:2x6 - 150x68x66mm	UNIDA	15,00	10,50		157,50
KPS10X386AG	Fusible cilindrico 10x38 6 a gg ac500v	UNIDA	30,00	0,61		18,33
AEM2711125	Pica 1,5mts. x 14mm. une-202006	UNIDA	15,00	7,18		107,77
AEM2716215	Brida conexion bcp-14	UNIDA	15,00	1,18		17,77
PIRH07VK1X16	Cable pvc flexible 1x16mm <sup>2</sup> cu	METRO	44,00	4,96		218,15
ODIDB63	Tubo decaplast de 63 (rojo) en rollo	METRO	100,00	3,04		304,00
PIRRVK2X6	Cable rv-k 0.6/1kv 2x6mm <sup>2</sup> cu flexible	METRO	80,00	2,29		182,86
TOR	Tornillos,terminales, peque-o material y varios		8,00	48,30		386,40
H010	Horas de mano de obra oficial de 1-	Hora	32,00	42,00		1.344,00
H011	Horas de mano de obra oficial de 2-	Hora	32,00	40,00		1.280,00
	Nota: La parte de obra civil para acometer el cambio de alumbrado sera a cargo del Concello, así como la canalizaci-n para la previsi-n del alumbrado del Mirador	Unida		41,00		
	<b>Total Partida</b>					<b>24.953,69</b>
<b>Observaciones:</b>						
Presupuesto base		I.V.A.	Base imponible IVA	Descuento de pronto pago		Total presupuesto
24.953,69 €		21	5.240,27			30.193,96 €
<b>Validez del presupuesto:</b>						

